

Trinketrinke teatro

LONXEDETODO EN FESTAS!



16 de abril Lonxedetodo en festas!

Nas festas de Lonxedetodo os ratos comen, cantan, bailan e por suposto contan contos: algúns de autores da nosa época e outros de tradición oral, que son aqueles que foron pasando de pais a fillos durante séculos.

Contos: *A galiña azul; O caracol Remoldiño; Chibos chibóns.*

30 de abril

Contos para andar o camiño

As ratiñas e ratiños de Lonxedetodo teñen planeado facer o Camiño de Santiago durante o verán. O problema aparece cando Fuco se decata de que o camiño se fai andando...

Contos: *Mira que paso; O home que inventou unha maneira de andar; Sen rumbo polo mundo, Catarina e o oso.*

CONTOS PARA ANDAR O CAMIÑO.



Trinketrinke teatro
CONTA CONTOS TEATRAL

SUXESTIÓNS

A lectura é unha importante ferramenta de aprendizaxe. A etapa escolar é mais doada se os nenos e as nenas a dominan.

Os contos son un medio de iniciación á lectura, por suposto pracenteira e nunca obrigada. Estimulan a imaxinación e ensinan cousas da vida. A través da lectura adquirimos coñecemento.

Cóntalles e lelles contos aos teus fillos e fillas.

Aconséllate coas bibliotecarias.

Leos ti antes para considerar se che parecen apropiados.

Agasalla contos e cólleos prestados na túa biblioteca.



Actividades de animación á lectura para nenos e nenas de 4 a 8 anos.

Capacidade limitada.

Máx. 1 persoa adulta como acompañante por grupo de nenos/as
Imprescindible inscrición telefónica previa desde unha semana antes da actividade.

B BIBLIOTECA
REGO DA
BALSA



Rúa de Bos Aires, s/n, Carballo.
Tf.: 981 758 580
biblioteca@carballo.gal
www.carballo.gal

Trinketrinke
teatro



Volven




Os RATOS de Lonxedetodo

á Biblioteca Rego da Balsa


Mércores, ás 17:30 e 18:30 h

CON INSCRICIÓN TELEFÓNICA PREVIA
(DESDE UNHA SEMANA ANTES)




27 de novembro Viaxe pola Galicia encantada

Lilí Gruyére e Fuco fan un percorrido polas nosas tradicións máis antigas: lendas asociadas a lugares maravillosos, danzas, cancións infantís e contos de tradición oral.
Contos: *Os tres pelos do demo*, en Contos de Maxia III; e CD *Na punta do pé*, Pesdelán.




11 de decembro O rato ilustrador

Fuco, de camiño á Biblioteca, atopou unha caixa de lapis. Resulta unha estraña casualidade porque xusto acaba de ler un conto titulado *Tomé e o lapis máxico...*
Contos: *Tomé e o lapis máxico*; *Garavanciño*; *La Oca Loca*.



15 de xaneiro Ovos, letras e galiñas

O rato Fuco acode á Biblioteca co seu irmán Pillo, que aínda non sabe ler. Fuco decide ensinarlle utilizando un método revolucionario da súa invención. Ao remate da clase, poderá merendar os deliciosos ovos que poñen as galiñas do seu galiñeiro.
Contos: *¡Sal del cascarón, pollito!*; *O galo Kiriko*; *Ladrón de gallinas*.



29 de xaneiro Viaxe a África

A gran Lilí Gruyére acaba de chegar dunha viaxe por África. Vainos contar e cantar, xeitos de vida, contos e cancións deste continente.

Contos: *O elefante que perdeu o seu ollo* (adap. do conto tradicional africano de Boniface Ofogo); *Canciones infantiles y nanas del baobab: el África negra en 30 canciones infantiles*.



12 de febreiro Un nacemento especial

Hoxe visítanos a ratiña Carolina, curmá de Fuco, irmá de Pillo e sobriña de Lilí Gruyére. Vainos explicar como usando a imaxinación podemos chegar a crear contos.


Contos: *Historia de Uno*; *Cuentos 1, 2, 3, 4*; *Contos por teléfono*.



26 de febreiro Aprendendo a querer

Unha boa saúde afectiva é básica para o benestar e desenvolvemento da persoa. Tamén é importante para previr comportamentos violentos e para saber detectar relacións insás.

Contos: *Yo*; *Rodolfo y el cumpleaños de Susi*.



5 de marzo NON. AÍ NON.

(Contos para protexer a infancia dos abusos sexuais)

Sesión supervisada por psicólogas especializadas. Da man de Lilí Gruyére, o tema é tratado dun xeito delicado, coidadoso e claro ao mesmo tempo.

Contos: *Super Niño*; *Estela, grita muy fuerte!*



19 de marzo A festa da poesía

Hoxe Fuco e Lilí Gruyére estarán acompañados por catro amigos seus: Manolo Caracol, o Coelliño Branco, o Porquiño Cochín e o Corvo Roque. Cada un deles recitará a súa poesía favorita.

Contos: *As catro estacións*; *Frederick*; *Os soños na gaiola*; *La poesía no es un cuento*.



2 de abril **Só 18.00 h** Paxariños (francés)

Os ratos de Lonxedetodo teñen un xardín, turelí. No xardín hai un niño, turelí. No niño hai un ovo, turelí. Esperan que dese ovo enorme que nos amosan, naza un paxariño. E fan todos os preparativos necesarios para recibilo da mellor maneira posible.

Contos: *El gran libro del pollo Pepe*; *Turelí, tureló*; *Los pájaros*.